



ORZAMENTO DO CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO PARA O EXERCICIO ECONÓMICO 2026.

MEMORIA EXPLICATIVA DO SEU CONTIDO E PRINCIPAIS MODIFICACIÓNS QUE PRESENTA EN RELACIÓN CO VIXENTE.

QUE FORMULA A PRESIDENTA DO CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO EN CUMPRIMENTO O DISPOSTO NOS ARTIGOS 168.1.a) DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 2/2004, DO 5 DE MARZO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS, ARTIGO 18.1 a) DO REGULAMENTO QUE DESENVOLVE PARCIALMENTE ESE TEXTO, APROBADO POR REAL DECRETO 500/1990, DO 20 DE ABRIL, EN RELACIÓN CO DISPOSTO POLO ARTIGO 14.5 DOS ESTATUTOS DESTE CONSORCIO, APROBADOS POR DECRETO 36/2011, DO 17 DE FEBREIRO.

Consideracións previas.

Con data 7 de marzo de 2011 publícase no Diario Oficial de Galicia, nº 45, o Decreto 36/2011, do 17 de febreiro, polo que se aproba a constitución do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, integrado pola Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Pontevedra, que terá para tódolos efectos a consideración de Administración pública.

O Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, segundo se sinala no artigo 3º, ten a condición de entidade local non territorial de carácter administrativo e personalidade xurídica propia e independente das entidades que o integran, así como capacidade xurídica para o cumprimento dos fins estatutarios. O consorcio desenvolverá a súa actividade conforme a un orzamento independente.

Pola súa parte, o día 2 de outubro de 2016 entra en vigor a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, que ven a establecer no artigo 118.1 que os consorcios son entidades de dereito público, con personalidade xurídica propia e diferenciada, creada por varias Administracións Públicas ou entidades integrantes do sector público institucional, entre sí ou con participación de entidades privadas, para o desenvolvemento de actividades de interese común a todas elas dentro do ámbito das súas competencias.

Sinalando o artigo 122.1 que os consorcios estarán suxeitos ao réxime de orzamentación, contabilidade e control da Administración Públicas a que estén adscritos, sen prexuízo do seu sometemento ao previsto na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, engadindo o punto 4 que os consorcios deberán formar parte dos presupostos e incluírse na conta xeral da Administración Pública de adscripción.

A tal efecto, procédese á formación do Orzamento, correspondente ao exercicio 2026.

LUIS LOPEZ DIEGUEZ (1 para 1)
PRESIDENTE
Data Sinalada: 22/10/2025
HASH: 1846c16cd82c5038e4cb618bc78dc6ba





O Orzamento que se propón para a súa aprobación polo Pleno constitúe o décimo quinto documento orzamentario do Consorcio, xa que o Consorcio Provincial de Pontevedra, iniciou o seu funcionamento, ao abeiro da Disposición adicional e Disposición transitoria dos seus Estatutos, o 1 de xaneiro de 2012, cos parques comarcais do Salnés, do Morrazo e do Baixo Miño-Condado-Louriña, previa disolución e integración dos Consorcios comarcais, coa achega dos medios técnicos e recursos con que contaban; polo que o Orzamento para o exercicio 2012 se elaborou en base ao ámbito de actuación dos consorcios comarcais asumindo a previsión de ingresos e os compromisos de gastos existentes nos Consorcios Comarcais a 31-12-2011.

En sesión de data 08-04-2021, o Pleno do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento acorda aprobar con carácter definitivo a “Memoria sobre os aspectos sociais, xurídicos, económicos, técnicos e financeiros respecto da xestión do servizo de extinción de incendios e salvamento do Consorcio Provincial de Pontevedra”, subscrita, na reunión de data 08-01-2021, pola Comisión xurídico-técnica para o seguimento do proceso do paso de xestión indirecta á xestión directa; coas correccións sinaladas na Mesa de negociación, na reunión de data 15 de xaneiro de 2021 e coa corrección sinalada no seo da sesión do Pleno de data 2 de febreiro de 2021, de toma en consideración e aprobación inicial; quedando determinado como forma de xestión do servizo de intervención en emerxencias e salvamento dependente deste Consorcio máis sostible e eficiente, de entre as previstas no artigo 85.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a xestión directa mediante efectivos de persoal propio do Consorcio, coa sucesión de empresas do artigo 44 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e a subrogación do persoal de intervención co carácter de indefinidos non fixos/interinidade, ata a cobertura dos postos con carácter definitivo.

En virtude do devandito acordo, a Presidencia mediante Resolución de data 30-05-2021, resolve dar por rematado, con data 31 de maio de 2021, o contrato subscrito, con data 26 de abril de 2013, coa empresa MANTENIMIENTO DE INFRAESTRUCTURAS, S.A. (CIF A80173115) da xestión indirecta, mediante concesión administrativa, do servizo público de prevención, extinción de incendios e salvamento dependente do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento e iniciar, con data 1 de xuño de 2021, a xestión directa, nos termos acordados polo Pleno, en sesión de data 08-04-2021.

No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nº 72, de data 15-04-2025 publícase o I CONVENIO COLECTIVO PARA O PERSOAL LABORAL OPERATIVO DOS PARQUES DE BOMBEIROS DEPENDENTES DO CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO e en sesión de data 13 de xuño de 2025, acorda aprobar definitivamente a valoración xunto co catálogo de postos de traballo coas funcións e tarefas de cada un deles e a Relación de postos de traballo e Organigrama do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, con efectos económicos retroactivos a





01.01.2025; ambos documentos afectan á configuración do cadro de persoal operativo, co incremento do número de efectivos, e as retribucións do persoal, a vez que regulan as condicións laborais e económicas do persoal ao servizo deste.

Neste contexto elabórase o Orzamento correspondente ao exercicio 2026, que se prevé dé cobertura económica ao quinto exercicio completo de xestión directa do servizo público de prevención, extinción de incendios e salvamento dependente deste Consorcio Provincial, aos acordos laborais e salariais e as obrigas que poidan derivarse da normal prestación deste servizo e do funcionamento do propio Consorcio; sen prexuízo das modificacións orzamentarias que poida experimentar en virtude das necesidades de investimentos.

Sobre a base das anteriores consideracións e o marco normativo que determina a actuación das Administracións públicas, tanto na súa calidade de prestadoras de servizos como de entidades que xestionan recursos públicos, que deberán estar orientados pola eficacia, a eficiencia, a economía e a calidade e atendendo aos principios reitores do gasto, recollidos na propia Constitución, artigo 31.2 e 135, e principios que desenvolve a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira (artigo 3.1 e artigo 7); xunto coa colaboración e suxerencias realizadas polo persoal deste Consorcio, preséntase o Orzamento para o exercicio 2026 que ascende tanto no estado de gastos coma de ingresos a SEIS MILLÓNS CEN EUROS (6.000.100,00 €), que se incrementa nun 11,6360 % con respecto ao do exercicio 2025, acadando unha sintonía entre ingresos e gastos de xeito que permita o equilibrio.

De seguido desenvólvense, respecto ós Estados de Gastos e Ingresos, capítulo por capítulo, as novidades introducidas e as xustificacións ó respecto.

ESTADO DE GASTOS.

O cambio de modelo de xestión do servizo de intervención en emerxencias a xestión directa con efectivos de persoal propio do Consorcio requiriu adaptar a estrutura orzamentaria. Estas adaptacións afectaron ao Capítulo I de gastos de persoal e por ende ao cadro de persoal e ao Capítulo II de gastos correntes en bens e servizos, por canto o cambio de modelo de xestión indirecta a directa deixou de ter reflexo no Capítulo II para pasar a telo no Capítulo I, que veu a experimentar unha importante modificación tanto cualitativa como cuantitativa:

- Cualitativa, que afectou a estrutura e ao número de efectivos do Cadro de Persoal, derivado da subrogación do persoal de intervención e a previsión de postos de carácter administrativo.
- Cuantitativa, que afectou ao importe da masa de gastos de persoal.

Así mesmo, no exercicio 2025, acádase o I CONVENIO COLECTIVO PARA O PERSOAL LABORAL OPERATIVO DOS PARQUES DE BOMBEIROS DEPENDENTES DO CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO e, en sesión de data 13 de xuño de 2025, o Pleno aproba definitivamente a Relación de Postos de Traballo e Organigrama deste Consorcio, o que determinou adaptar do cadro de persoal operativo, co incremento do número de efectivos, e o cadro de retribucións, en virtude do





resultado das valoracións de postos contida na RPT.

Capítulo I. Gastos de Persoal.

Consígnase crédito para:

- Os custos retributivos do persoal administrativo, persoal de alta dirección e persoal operativo, así coma do persoal laboral temporal operativo para cubrir as necesidades inaprazables que poidan xurdir para prestación do servizo e que fagan preciso acudir as modalidades de contratación laboral temporal prevista na lexislación vixente.
- Os custos de Seguridade Social
- Seguro colectivo de accidentes
- Gastos Sociais

Neste capítulo, respecto ao exercicio 2025, concorren as seguintes circunstancias:

a) Cadro de persoal

Creación de catro postos no Grupo Profesional de Mando, na categoría xefes de quenda-condutor/a.

A paulatina implantación do I CONVENIO COLECTIVO PARA O PERSOAL LABORAL OPERATIVO DOS PARQUES DE BOMBEIROS DEPENDENTES DO CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO, que contempla novas condicións laborais para o persoal operativo, determina a necesidade da creación de postos de traballo orientados a redimensionar o organigrama do persoal operativo, no Grupo Profesional de Mando, na categoría xefes de quenda-condutor/a, de xeito que permita cubrir os cuadrantes anuais nesta categoría, cun excedente de quendas que permitirá reforzar cada un dos parques, co obxectivo de acadar unha mellor prestación do servizo de intervención en emerxencias, optimizando os recursos dispoñibles ao permitir dispoñer sempre das dotacións mínimas e manter os parques operativos, a vez que unha maior eficiencia en cada un deles.

Neste marco o Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento presenta o cadro de persoal operativo, correspondente ao exercicio 2026, integrado por 94 efectivos, distribuídos nos seguintes grupos profesionais:

APARTADO 3º: Persoal laboral fixo			
CATEGORÍA/DENOMINACIÓN	GRUPO	NÚMERO	TOTAL
PERSOAL OPERATIVO			94
GRUPO I: MANDOS			29
XEFE DE PARQUE	c1	5	
XEFE DE QUENDA- CONDUTOR	c2	24	
GRUPO II			65





BOMBEIRO-CONDUTOR	c2	65	
-------------------	----	----	--

b) Retribucións

1. Ao non contar a esta data co proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado, o cadro de retribucións contempla, para os diferentes conceptos, as contías retributivas vixentes do exercicio 2025, derivadas da aprobación da RPT e do artigo 6 do Real Decreto-lei 4/2024 do 26 de xuño, polo que se prorrogan determinadas medidas para afrontar as consecuencias económicas e sociais derivadas dos conflitos en Ucraia e Oriente próximo e se adoptán medidas urxentes en materia fiscal, enerxética e social (incremento 2%+0,5% IPCA), sobre as cales se aplicará o incremento que determine a Lei de Orzamentos Xerais do Estado ou na normativa que se dite ao respecto.

2. A tal efecto e para a cobertura aos posibles incrementos retributivos, nas respectivas aplicacións orzamentarias consígnase unha previsión de incremento do 3%, para os diferentes conceptos e para tódolos grupos e categorías, respecto das contías retributivas vixentes no exercicio 2025.

3. Así mesmo tense en conta nas correspondentes consignacións orzamentarias o crédito necesario para cubrir os distintos acordos recollidos no I CONVENIO COLECTIVO PARA O PERSOAL LABORAL OPERATIVO DOS PARQUES DE BOMBEIROS como o cumprimento de trienios no exercicio 2026, segundo se recolle no artigo 25 , o complemento persoal transitorio, recoñecido ao persoal subrogado no artigo 26 , e as gratificacións extraordinarias previstas no artigo 28.

4. Contémplase o incremento do custo da póliza de seguro de accidentes colectivos.

Tendo en conta o sinalado o Capítulo I, prevé un incremento en relación á previsión do Orzamento 2025, do 10,9350 % .

Capítulo II. Gastos correntes en bens e servizos.

Segundo se establece no artigo 5º.2 dos seus Estatutos, constitúe o obxecto do consorcio a execución das competencias de **servizo público** de prevención, extinción de incendios e salvamento, que se lles atribúe na lexislación vixente aos entes consorciados, mediante a xestión e coordinación e, de ser o caso, a creación dunha rede de parques que garanta a prestación homoxénea do servizo, por calquera das modalidades de xestión prevista na lexislación.

Neste capítulo consígnanse, os crédito que se estiman precisos para atender os gastos en bens e servizos necesarios para a prestación do servizo que constitúe o obxecto deste Consorcio e para atender os gastos de funcionamento do mesmo.

As estimacións correspondentes a este capítulo formuláronse tendo en conta:

- o nivel de execución acadado, en virtude das necesidades, nas distintas





aplicacións orzamentarias nas anteriores anualidades, que vai permitindo dispoñer dunha imaxe real das necesidades e dos gastos correntes que derivan da implantación do sistema de xestión directa

- os compromisos futuros adquiridos e derivados dos distintos contratos de subministrados e servizos formalizados e os que se prevén adquirir.

En relación ao exercicio 2025, a previsión correspondente a este Capítulo experimenta un incremento do 10,8862 %.

Capítulo IV. Transferencias correntes:

Prevese a achega á Asociación de Consorcios de Bomberos de España, en virtude de acordo de adhesión adoptado polo Pleno do Consorcio en sesión de data 21 de maio de 2013 e do acordado na Asamblea Xeral da Asociación de Consorcios y Servicios de Bomberos de España (Conbé), en sesión de data 17-01-2025, de establecer a cota anual de cada unha das Entidades integrantes da Asociación para o exercicio 2025 en 6.000,00 €, que se prevé que se manteña para o exercicio 2026.

Capítulo V. Fondo de continxencia e outros imprevistos:

Inclúese, como nos exercicio anteriores, o Capítulo V, Fondo de continxencia e outros imprevistos; previsto no artigo 31 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira a Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos presupostos das entidades locais.

Capítulo VI. Inversións reais:

Despois de contificar os custos de persoal e os gastos correntes da prestación do servizo, consígnase o crédito dispoñible para inversións reais.

Capítulo VIII. Activos financeiros:

No exercicio 2025 consígnase crédito a modo de concesión de préstamos a curto prazo en forma de anticipos ao persoal do Consorcio, que se consolida en virtude acordado no artigo 31 do I CONVENIO COLECTIVO PARA O PERSOAL LABORAL OPERATIVO a vez que se fai extensivo ao persoal funcionario do Consorcio.

ESTADO DE INGRESOS

Capítulo III. Taxas, prezos públicos e outros ingresos.

Abrangue a “Taxa polo mantemento do servizo contra incendios e salvamento” que entrou en vigor no exercicio 2014, a “Taxa pola Prestación do servizo contra incendios e salvamento” e a “Taxa por expedición de documentos administrativos e realización de actividades administrativas”, e outros ingresos que se derivan basicamente da recadación en período executivo.

Este capítulo aumenta un 6,5068 %, motivado no previsible incremento da





“Taxa polo mantemento do servizo contra incendios e salvamento”, baseado na sucesiva tendencia á alza das anteriores anualidades.

Capítulo IV. Transferencias correntes.

Prevese un incremento do 15,2867 % que permite financiar a implantación íntegra das condicións laborais e retributivas I CONVENIO COLECTIVO PARA O PERSOAL LABORAL OPERATIVO DOS PARQUES DE BOMBEIROS DEPENDENTES DO CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO e o previsible incremento do gasto de funcionamento e funcionamento do servizo.

Capítulo V. Ingresos patrimoniais.

Recolle a previsión simbólica de ingresos que poidan proceder dos intereses que devengan depósitos monetarios en bancos.

En definitiva, o proxecto de Orzamento 2026 que se presenta ao Pleno, considérase que, en principio, contén as previsións necesarias para atender ás obrigacións do Consorcio e os dereitos que se calcula liquidar durante o seu desenvolvemento.

Pontevedra, o presidente Luis López Dieguez

Documento asinado dixitalmente ao marxe

